

A lenda do lago Victoria

Había unha vez unha fermosa dama chamada Isabel, tan bela que todo aquel que a vía quedaba abraiado, todas as demais chicas a envexaban, e, tanta era a envexa que un día unha rapaza chamada Mónica tramou un plan para que Isabel deixara de roubarse toda a atención. Isabel acostumaba ir ao lago Victoria case todas as mañás e Mónica era ben sabedora diso. Unha mañá como calquera outra Isabel foi ao Lago, mais, o que lle esperaba alí era unha moi enfadada Mónica que a empuxou ao lago, pero Isabel non se ía render e agarrouse dela ata que chegou o irmán de Isabel que oíra os gritos da súa irmá, colleu a Isabel e empuxou a Mónica. Hoxe en día dise que calquera que pase polo lado do lago a medianoite pode oír os berros da pelexa entre Mónica e Isabel.